

**I.E.S. AGRA DO ORZÁN
A CORUÑA**

AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E.S.O.

PROGRAMACIÓN XERAL

CURSO 2015/2016

PROFESOR: TITO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ

ÍNDICE:

- 1.- Introducción.
- 2.- Criterios de selección de alumnos.
- 3.- Obxectivos:
 - Obxectivos Xerais.
 - Áreas a desenvolver en caso de deficiencias concretas.
 - Competencias a desenvolver con nenos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- 4.- Contidos.
- 5.- Actividades.
- 6.- Recursos.
- 7.- Metodoloxía.
- 8.- Avaliación:
- 9.- Apoios e Horario.
- 10.- Proposta Curricular.

PROGRAMACIÓN XERAL DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E.S.O. CURSO 2015/2016

Profesor: Tito Rodríguez Martínez

Unidades: O Centro conta cunha unidade de Pedagogía Terapéutica.

1.- INTRODUCCIÓN:

En vista de cómo se están a desenvolver a educación para a diversidade, faise patente a necesidade dunha *escola comprensiva* e *inclusora*, que entenda a educación como instrumento para promover o desenvolvemento e compense as desigualdades sociais e culturais.

A escola comprensiva que atende á diversidade non deberá centrarse só nos instrumentos didácticos senón no cambio actitudinal do profesorado, que se extrapolará ó Centro como institución que aglutina as conviccións sociais, culturais e pedagóxicas de tódolos membros da comunidade. Neste sentido, a acción educativa basearase no recoñecemento e respecto pola diversidade a través dunha cultura de colaboración e participación.

Neste senso, a Atención á Diversidade non poñerá o énfasis nos propios suxeitos ós que vai dirixida e cos que traballa; pola contra, centrarase prioritariamente na adaptación da ensinanza, na construción curricular e nos medios, técnicas e recursos específicos para lograr unha educación que responda á diversidade da persoa.

Así pois *inclusión*, *comprensividade* e *diversidade* son principios complementarios. Mentres que os primeiros falan dunha proposta curricular única para tódos, a diversidade fala de alumnos distintos, profesores distintos, centros distintos..., polo que se fai necesario o establecemento dun equilibrio que virá configurado polos procesos de adaptación do curriculum, do que se desprende a necesidade dun Curriculum no que a flexibilidade, a apertura, a autoestima e a adecuación sexan os aspectos definitorios do mesmo, caracterizándose por:

- Contemplar as NEE dos alumnos.
- Atender á diversidade na aula.
- Fomenta-la heteroxeneidade.
- Fomenta-la inclusión, individualización do ensino e a socialización.
- Potencia-los procesos de colaboración reflexiva entre os distintos profesionais
- Desenvolvemento de intervencións educativas cos ACNEEs.
- Adapta-lo curriculum ás necesidades educativas dos distintos alumnos.

Si os centros educativos non aprenden a traballar “en” e “para” a diversidade, a profesionalización dos docentes non acadará que os alumnos dun futuro próximo poidan crer que a diferenza non é unha causa de hostilidade senón, pola contra, unha fonte de riqueza da que todos podemos aprender contribuíndo a xerar unha sociedade máis tolerante e máis solidaria.

Dentro desta liña traballaremos os profesores de Apoio ás Necesidades Educativas Especiais, especialistas en Pedagogía Terapéutica, exercendo as nosas funcións en tódalas etapas educativas nas que temos competencias.

As principais funcións serán:

- a) Asistir ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- b) Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á E.S.O. e, cando cumpra, aquelas outras sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- c) Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das ACIs, así como nas medidas de reforzo, si é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención da diversidade do alumnado.
- d) Prestarlle atención directa ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.

2.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DE ALUMNOS:

Reunión cós profesores de cada nivel para analizar conxuntamente que alumnos teñen necesidades específicas de apoio educativo e requiren apoio, a partir de:

- Información e avaliación do curso anterior dos titores, departamento de orientación e profesor de apoio.
- Observación sistemática a comezos de curso (aprendizaxe, conducta).
- Exploración e avaliación por parte do Departamento de Orientación do Centro.
- Elaboración dun plan de traballo adaptado ás súas necesidades educativas.

Con todos estes datos elaborárase a lista de alumnos susceptibles de apoio individualizado. Esta lista terá un carácter flexible e aberto durante todo o curso, coa finalidade de axustarse o máximo posible ás necesidades do Centro.

A organización do apoio, medidas, criterios a seguir, etc, serán coordinados polo Dpto. de Orientación.

3.- OBXECTIVOS:

Dado que cada alumno que require un apoio concreto , é totalmente distinto e individual respecto a calquera clase de grupo normativo, é moi difícil realizar unha programación xeral sen definir cada apoio en concreto. Isto virá definido pola A.C.I. que precise cada alumno. De tódolos xeitos, podense definir unha serie de aspectos que será necesario traballar con estes nenos.

O *obxectivo central* nesta aula será a integración completa (social e escolar) de tódolos alumnos con necesidades educativas especiais, no menor tempo posible.

• OS OBXECTIVOS XERAIS serán:

- Estimulación do pensamento e formación de conductas e hábitos sociais, partindo da realidade física e social mais próxima ó alumno.
- Iniciación ó dominio das técnicas instrumentais básicas: linguaxe oral e lecto-escritura.
- Consecución, mediante a experiencia, do dominio dalgúns conceptos matemáticos básicos e automatismos operativos, aplicandoos á solución de problemas reais.
- Iniciación e dominio progresivo na utilización de técnicas de traballo e de aprendizaxe.

• **ÁREAS A DESENVOLVER EN CASO DE DEFICIENCIAS CONCRETAS:**

1. **PERCEPCIÓN:**

- Desenvolver a percepción visual.
- Desenvolver a percepción auditiva.
- Desenvolver adecuadamente a atención visual e auditiva.
- Desenvolver adecuadamente a memoria visual e auditiva.
- Desenvolver as nocións espaciais e temporais.

2. **MOTRICIDADE:**

- Logra-la percepción e control do propio corpo.
- Domina-las conductas motrices de base (equilibrio, coodenación dinámica xeral e coordinación visomanual).
- Correxir as posibles alteracións neuromotrices (lateralidade, paratonías e sincinesias).
- Traballar vivencialmente as conductas perceptivo-motrices.

3. **SOCIALIZACIÓN:**

- Conseguir a autonomía persoal.
- Conseguir certa autonomía social.
- Coñecer as principais normas de comportamento social.

4. **LINGUAXE:**

- Desenvolver, tendo en conta o nivel de coñecementos no que se encontra, a expresión oral (dislalias, vocabulario, organización da frase).
- Domina-los mecanismos básicos da lectura e escritura.
- Correxir tódalas alteracións que afecten a unha normal lecto-escritura, incluída a comprensión.

5. **MATEMÁTICAS:**

- Coñece-los conceptos básicos.
- Introducirse no razoamento abstracto de modo moi elemental.
- Domina-las operacións fundamentais de cálculo.

• **COMPETENCIAS A DESENVOLVER CON NENOS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO;**

As competencias básicas teñen como finalidade integrar as diferentes aprendizaxes, tanto formais como informais, para permitirlle ó alumno integrar as súas aprendizaxes, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilízalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos da vida práctica. Para isto debemos adecuar o proceso de ensino aprendizaxe.

As competencias a desenvolver, sempre tendo en conta as capacidades dos alumnos, serán:

1.- Competencia en comunicación lingüística:

Utilización da linguaxe como **instrumento**:

- De comunicación oral e escrita.
- De representación, interpretación e comprensión da realidade.
- De construción e comunicación do coñecemento.
- De organización e autoregulación do pensamento, das emocións e da conducta.

2.- Competencia matemática:

Desenvolvemento da **habilidade** para:

- Utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático.
- Producir e interpretar distintos tipos de información.
- Ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade.
- Resolver problemas relacionados coa vida cotiá e có mundo laboral.

3.- Competencia no coñecemento e a interacción có mundo físico:

Traballar **habilidades** para:

- Desenvolverse adecuadamente en ámbitos da vida e do coñecemento moi diversos (saúde, actividade productiva, consumo, ciencia, procesos tecnolóxicos, etc).
- Interactuar có mundo físico, de tal modo que se posibilite a comprensión dos sucesos e a predicción das consecuencias.
- Realizar actividade dirixidas á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos.

4.- Tratamento da información e competencia dixital:

Utilizar as TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) como elemento esencial para:

- Informarse, aprender e comunicarse.
- Incorporar diferentes habilidades, que van desde o acceso á información, ata o seu procesamento e transmisión en distintos soportes unha vez tratada.

5.- Competencia social e cidadá:

- **Comprender** a realidade social en que vive.
- Cooperar, **convivir** e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural.
- **Comprometerse** a contribuír á súa mellora.

6.- Competencia cultural e artística:

- **Coñecer**, comprender, **apreciar e valorar** criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas.
- Utilizalas como **fonte de enriquecemento** e disfrute.
- Consideralas como parte do **patrimonio dos pobos**.

7.- Competencia para aprender a aprender:

- Dispoñer de habilidades para **iniciarse na aprendizaxe**.
- Ser capaz de **continuar aprendendo** de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cós propios obxectivos e necesidades.
- Adquisición da **conciencia das propias capacidades** e do proceso e das estratexias para desenvolverlas só ou con axuda.
- Dispoñer dun sentimento de competencia persoal, **motivación, autoconfianza** e no **gusto por aprender**.

8.- Autonomía e iniciativa persoal:

Desenvolver a **capacidade** de:

- **Elixir** con criterio propio.
- Imaxinar **proxectos**, e levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais ou colectivos.
- **Responsabilizarse** dos proxectos, tanto no ámbito persoal coma no ámbito social e no laboral.

* **Isto implica:**

- Responsabilidade.
- Perseveranza.
- Autoestima.
- Creatividade.
- Autocrítica
- Control da intelixencia emocional
- Capacidade de demorar o éxito
- Capacidade de asumir riscos

4.- CONTIDOS:

Os contidos dos plans de traballo de cada alumno serán, na medida do posible os correspondentes ó nivel onde está ubicado cada un deles.

En caso de ter unha A.C.I. significativa, basearanse nos obxectivos que teña indicados, procurando que sigan a maior relación posible coas actividades da aula na que está integrado.

5.- ACTIVIDADES:

Estes alumnos realizarán, sempre que sexa posible, as mesmas actividades que as dos seus compañeiros de aula.

Se polo seu nivel de aprendizaxe ou polas súas especiais dificultades non puidera ser de este modo, aquelas serán adaptadas ás súas necesidades educativas, (plasmadas na A.C.I.), sempre vinculadas á aula ordinaria.

6.- RECURSOS:

Utilizaranse tódolos recursos dispoñibles que sexan precisos:

- Do entorno.
- Do Centro.
- Da aula ordinaria.
- Do departamento de orientación.

7.- METODOLOXÍA:

As propostas curriculares referidas ós ACNEAE implican tamén adaptacións na metodoloxia e nas actividades de enseñanza / aprendizaxe.

Así a metodoloxía empregada debe ter en conta algúns puntos esenciais que faciliten o acceso ó curriculum destes alumnos.

- Gradación na dificultade das tarefas propostas.
- Asignación de distintos tempos para a realización das tarefas.
- Presentación da información nova por distintas canles (auditivo, acompañada de movementos, gráficos, posibilidade de manipulación), relacionando as novas aprendizaxes cós coñecementos previos dos alumnos.
- Emprego de materiais didácticos e técnicos.
- Agrupamentos flexibles en función das tarefas propostas.
- Secuenciación das aprendizaxes propostas.
- Introducción de reforzadores sociais.
- Propoñer actividades graduadas en complexidade, que eviten o cansancio e a desmotivación.
- Utilizar sempre situacións significativas e motivadoras para a introducción de novas aprendizaxes.
- Para facilita-los procesos de abstracción deberanse presentar os materiais e/ou información de forma concreta.
- Dar sempre ó alumno instrucións claras e precisas do que ten que facer. (Estructura paso a paso, con uso da guía verbal na execución das actividades).
- Potenciar unha aprendizaxe significativa e constructiva do neno, na que primen as actividades participativas e activas onde o “suxeito sexa responsable da súa aprendizaxe”, partindo de experiencias cotiás do neno e do seu nivel real de competencias, potenciando situacións de aprendizaxe dentro da zona de desenrolo próximo.

Ter en conta os seguintes elementos transversais do curriculum:

- Traballar comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.
- Fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Recoñecer e evitar os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Promover a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.
- Promover accións para a mellora da seguridade viaria: a convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.
- Fomentar as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

8.- AVALIACIÓN:

A avaliación permítenos contribuir ó desenvolvemento de tódalas capacidades dos nenos. Sinalar o grado en que se van desenvolvendo as capacidades e permitindo, tamén, orientar as medidas de reforzo ou adaptacións curriculares necesarias.

Será un instrumento ó servizo do proceso de ensino e aprendizaxe, integrada no traballo diario da aula e do centro educativo, e referente para a adopción de medidas necesarias para a mellora do proceso educativo.

- A avaliación dos alumnos deberá ser:

- Global: deberá referirse ó conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais de etapa e ós criterios de avaliación das diferentes áreas.

- Continua: Como elemento inseparable do proceso educativo que recolle información permanente do proceso de enseñanza-aprendizaxe.

- Formativa: Como reguladora e orientadora do proceso educativo, permitindo mellorar tanto o proceso coma os resultados.

- Cualitativa e contextualizada: Referida ó seu entorno e a un proceso concreto de enseñanza-aprendizaxe.

Os profesores realizarán unha avaliación inicial dos alumnos en relación ó desenvolvemento das competencias básicas.

Para a avaliación das aprendizaxes, teranse en conta os obxectivos de etapa, contidos e criterios de avaliación, que serán contextualizados ó centro e alumnos, e secuenciados por niveis no P.C.C.

Na avaliación dos alumnos con A.C.I. farase en función dos criterios individualizados establecidos nela, aínda que para efectos de promoción o referente será o dos obxectivos de etapa.

A avaliación dos nenos con NEAE realizarase conxuntamente polos profesores de área, profesor de apoio e orientador do centro. A periodicidade será dunha vez ó trimestre, buscando fórmulas de integración o máis ordinarias posible. Ó remate do curso, faremos unha avaliación final, que analice si a A.C.I. debe adaptarse, pode continuar ou debemos facer unha nova.

Especificaranse no P.C.C. as estratexias e instrumentos de avaliación máis adecuados para valorar o desenvolvemento dos alumnos e para tomar decisións sobre o proceso de enseñanza-aprendizaxe.

- A avaliación do proceso de ensino e práctica docente abordará:
 - Organización da aula e aproveitamento dos recursos.
 - Relacións: profesores-profesores, profesores-alumnos e alumnos-alumnos.
 - Coordinación de órganos e persoas do centro.
 - Relación con pais ou tutores.

- A avaliación do proxecto curricular deberá abordar:
 - Adecuación dos obxectivos ás características dos alumnos.
 - Validez da secuenciación de obxectivos e contidos.
 - Idoneidade da metodoloxía e recursos didácticos.
 - Validez das estratexias de avaliación e promoción.
 - Pertinencia das adaptacións curriculares.
 - Os resultados serán incluídos e analizados na Memoria final de curso.

- A AVALIACIÓN INICIAL:

Un aspecto esencial no traballo con ACNEAE é unha completa avaliación inicial, que nos permita coñecer as súas posibilidades, capacidades e competencias, así como as súas carencias.

Así mesmo é unha das funcións dos profesores de apoio é e de participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á E.S.O. e, cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a alumnado con necesidades educativas especiais.

Empregaranse unha serie de modelos de informes de avaliación, que abarcan Cuarto, Quinto e Sexto curso de Ed. Primaria. Dado que é principalmente estes os niveis onde se encontran os nenos con dificultades para seguir o curriculum ordinario.

Ademáis, pode axudarnos a realizar a avaliación inicial dos alumnos que acceden á E.S.O.

9.- APOIOS E HORARIO:

A.- Apoios:

A intervención educativa directa con alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, require determinar a modalidade de apoio que se establece para cada un deles có fin de conseguir un maior desenvolvemento das súas capacidades e unha plena integración.

Os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais recibirán a atención directa por parte dos profesores do grupo no que se integran, coa axuda, se é o caso, do profesor de apoio na propia aula.

Excepcionalmente, en función das necesidades do alumnado e das Adaptacións curriculares establecidas, poderanse facer intervencións diferenciadas, debidamente temporalizadas, fora da aula.

A coordinación será realizada polo profesor ou profesora de apoio á atención ós alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.

Seguindo esta línea, os apoios propostos para os ACNEAE desenvolveranse preferentemente dentro da aula ordinaria, có grupo de referencia, buscando sempre a situación máis normalizadora para o neno en ambientes o menos restrictivos posible, actuando o profesor especialista como apoio ó titor e ós alumnos.

Nos casos en que sexa preciso, e como medida excepcional, os alumnos abandoarán a aula ordinaria durante periodos de tempo predeterminados, para recibir atención individualizada ou en pequeno grupo dentro da aula de apoio.

A ubicación dos apoios, a súa modalidade e temporalización dos mesmos, atenderá a criterios psicopedagóxicos e organizativos do centro, e serán establecidos polo departamento de orientación do centro.

No momento que dispoñamos de datos precisos, engadiremos a lista de alumnos de Ed. Secundaria, que reciben apoio por parte da unidade de P.T. Esta relación poderá ser modificada en función das instrucións do Departamento de Orientación, unha vez feita a valoración psicopedagóxica pertinente destes ou doutros alumnos que o requiran.

ALUMNOS DE APOIO EN ED. SECUNDARIA

CURSO 2013/2014

NOME E APELIDOS	CURSO	DAT. NAC.	MEDIDA

- De momento, debido a que non comezou o curso, non están decididos os nenos susceptibles de apoio, nin os horarios.

Na maior brevidade posible serán incorporados.

B.- Horario:

Será aquel que se considere mais adecuado en función das necesidades dos nenos, tendo tamen en conta que perxudique o menos posible ós profesores na marcha normal da clase.

*A proposta de horario e os agrupamentos reflexados no cadro anterior, faranse tendo en conta distintos criterios de carácter pedagóxico e didáctico e atendendo ás necesidades educativas de carácter individual que presenta o alumnado e ás características organizativas do propio centro.

HORARIO DE APOIO ED. SECUNDARIA (TITO) 2015/16

		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	8:30-9:20					
2ª	9:20-10:10					
Recreo	10:10-10:30					
3ª	10:30-11:20					
4ª	11:20-12:10					
Recreo	12:10-12:30					
5ª	12:30-13:20					
6ª	13:20-14:10					
Tarde	14:10-16:20					
7ª	16:20-17:10					
8ª	17:10-18:00					

Dicir, de todos modos, que tanto o horario como os agrupamentos teñen un carácter flexible e aberto e están suxeitos a revisións periódicas cón fin de adecuarse o máis posible ós obxectivos propostos e ás novas necesidades que vaian xurdindo.

Realizarase unha análise ó remate do primeiro trimestre para ver si continuamos con este horario e agrupamentos ou optamos por outra nova organización.

10.- PROPOSTA CURRICULAR XERAL:

Con respecto ó curriculum, dicir que os alumnos que sigan unha A.C.I. terán como referente os obxectivos e contidos que se reflexen nesta para cada área.

Para os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, que precisan apoio e que presentan dificultades xeneralizadas en algunha ou tódalas áreas do curriculum ordinario, estableceranse os apoios centrados básicamente nas áreas instrumentais (matemáticas e linguas), sin perxucio doutras áreas deficitarias como atención, linguaxe, aspectos comportamentais, etc.

Para cada alumno establecerase un programa de apoio onde se traballarán tódalas áreas necesarias, incluíndo si é necesario apoios externos ó centro por parte de especialistas, orientado polo departamento de orientación.

A continuación mostrase unha proposta curricular confeccionada a partir da avaliación inicial das competencias curriculares do alumnado e, polo tanto, das necesidades educativas, que de forma mais xeneralizada se presentan.

ÁREAS DE LINGUA GALEGA E CASTELÁ

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> - Valorar e estima-la lingua, respetando ás persoas que se expresan noutra diferente. 	<p>BLOQUE 1. LINGUA E SOCIEDADE:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Situación lingüística de Galicia e pluralidade de linguas en España. - Tolerancia no uso de diferentes variedades lingüísticas. - Sensibilidade ante modos de comunicación determinados por diferentes minusvalías - Uso das linguas segundo as particularidades do entorno(escola, familia, vila). 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as distintas linguas da Comunidade e do Estado. - Respetar as diferentes formas de comunicación que empregan outras persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece as distintas linguas da Comunidade e do Estado. - Respeta as diferentes formas de comunicación que empregan outras persoas segundo as particularidades do entorno (escola, familia, vila).
<ul style="list-style-type: none"> - escoitar e comprender mensaxes orais. - Expresarse oralmente coas distintas intencións comunicativas (narrando feitos próximos ou inventados, describindo obxectos, persoas ou situacións vinculadas ó alumno). 	<p>BLOQUE 2. LINGUA ORAL:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A comunicación e as súas formas según as intencións comunicativas. - Emprego da lingua en diferentes situacións comunicativas ou contextos (diálogos, enquisas, etc). - Uso de hábitos e normas habituais en conversación. - Actitude crítica ante expresións en medios de comunicación tendentes a discriminar. - Estrutura das mensaxes (ideas fundamentais, accesorias, datos). - Tradición oral popular (lendas, contos, etc). 	<ul style="list-style-type: none"> - Participar dun xeito constructivo en situacións comunicativas respetando as normas que a fan posible. - Comprender o sentido de textos orais. - Producir textos orais nos que se presentan ordeadamente feitos e experiencias próximas 	<ul style="list-style-type: none"> - Participa dun xeito constructivo en situacións comunicativas (escoitar, formular preguntas, dar opinións, etc), respetando as normas que a fan posible. - Comprende o sentido de textos orais (instruccións, informacións breves, contos, cancións, poemas). - Produce textos orais nos que se presentan ordeadamente feitos e experiencias próximas (relatos, descripcións, exposicións, explicacións sinxelas).

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> - Ler comprensivamente textos, apoiándose en diferentes fontes de información: libros, bibliotecas, diccionario. 	<p>BLOQUE 3. LECTURA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lectura silenciosa e expresiva de textos de diversos tipos. - Utilización de subrayado, esquema, resumen. - Comprensión do sentido global de textos escritos. - Emprego de estratexias que faciliten a comprensión (reler, acudir ó diccionario, etc). - Exposición de opinións persoais e formulación de conxeturas lidas. - Resumes de textos orais e escritos distinguindo a idea principal. 	<ul style="list-style-type: none"> - Ler en voz alta con fluidez, empregando o ritmo e entoación axeitados. - Comprender o sentido global de textos de uso habitual e resume as principais ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Le en voz alta con fluidez, empregando o ritmo e entoación axeitados. - Le textos escritos (instruccións, información sinxela, etc), utilizando estratexias de comprensión e de resolución de dúbidas que se presenten. - Comprende o sentido global de textos de uso habitual e resume as principais ideas.
<ul style="list-style-type: none"> - Construir textos coherentes, con autonomía e atendendo ás normas da escritura. 	<p>BLOQUE 4. ESCRITURA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Afianzamento progresivo no uso dunha escritura persoal sobre diferentes soportes. - Producción de diferentes textos como expresión do propio mundo interior (organización, coherencia, claridade, corrección gramatical, ortográfica e léxica). - Descripción de persoas, animais, cousas, situacións reais e inventadas. - Narración de historias. - Uso de axuda na produción de textos (diccionarios, biblioteca, informática). - Utilización da biblioteca como fonte de información e diversión. 	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar textos escritos empregando oracións con sentido completo, organizando os elementos do texto de forma coherente e axustados ás normas ortográficas. - Valora-lo texto escrito como instrumento de información e fonte de placer. 	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora textos escritos empregando oracións con sentido completo, organizando os elementos do texto de forma coherente e axustados ás normas ortográficas. - Utiliza producións escritas propias e alleas para organizar e levar a cabo tarefas concretas. - Valora o texto escrito como instrumento de información e fonte de placer, acusando preferencias na selección das lecturas.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
